HERCULES

Interreg Europe, innovación aberta, CPI, living labs

Health Empowerment through Regional Collaboration by fostering innovation from the demand-side

O proxecto HERCULES é un proxecto liderado pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), dentro do programa de colaboración interrexional Interreg Europe, cunha duración de 3 anos.

En 2019, máis da quinta parte da poboación da Unión Europea tiña 65 anos ou máis, e as proxeccións indican que a porcentaxe de persoas de 80 ou máis anos multiplicaránse por dous. Por outra banda, a crise da Covid-19 amosounos a importancia das innovacións que sen dúbida poderán axudar ao ineludible proceso de transformación dos sistemas de saúde nun proceso máis proactivo, preventivo e personalizado.

O proxecto HERCULES pretende desenvolver un plan estratéxico a nivel europeo para o despregamento na contorna sanitaria de solucións que aborden esta temática, baseado nunha análise das vulnerabilidades, recursos e capacidades das rexións implicadas. Buscarase a participación de tódolos axentes da quíntuple hélice (cidadáns, autoridades rexionais, empresas, inversores e academia).

Socios:

- Axencia Galega de Coñecemento en Saúde - líder do proxecto
- Universidade de Twente (Países Baixos)
- Fondo de Desenvolvemento Rexional de Ática (Grecia)
- Municipio de Aarhus (Dinamarca)
- Rexión Västerbotten (Suecia)
- Rexión Emilia – Romaña (Italia)
- Hospital St Jadwiga de Silesia en Trzebnica (Polonia)

Orzamento total: 1.609.666 EUR
Período: 2024-2028
Páxina web: www.interregeurope.eu/hercules

Os socios europeos do proxecto HERCULES coñecen en Galicia experiencias de referencia en innovación sanitaria e Compra Pública Innovadora >

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) participa en Umea (Suecia) na reunión do consorcio do proxecto HERCULES para a compartición de boas prácticas no eido da innovación dende a demanda dos servizos públicos de saúde >

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde participa en Aarhus (Dinamarca) na reunión do consorcio do proxecto HERCULES para a compartición de boas prácticas no eido da innovación dende a demanda dos servizos públicos de saúde >

CONTIDOS RELACIONADOS

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde recibe o recoñecemento como entidade acolledora do programa Interreg Volunteer Youth (IVY)

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde liderará o proxecto europeo HERCULES

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde asiste en Atenas (Grecia) ao segundo dos encontros do proxecto HERCULES de intercambio de boas prácticas de innovación sanitaria dende a demanda dos sistemas públicos de saúde

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde asiste en Wroclaw (Polonia) ao primeiro dos encontros do proxecto HERCULES de intercambio de boas prácticas centradas nos retos do envellecemento e as oportunidades da medicina personalizada